

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a Asociación de Bulimia y Anorexia de Pontevedra

- 9 MAI. 2022

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante Consellería).

Da outra, Dona **JUAN RAMÓN PÉREZ PÉREZ**, con DNI 36.013.656-A, en calidade de presidente da Asociación de Bulimia y Anorexia de Pontevedra (en diante ABAP), elixido para este cargo na asemblea do 7 de xuño de 2012, con CIF G-36835403 e domicilio social na rúa Cánovas del Castillo nº 10, Planta 8, porta G, 36202 Vigo (Pontevedra); inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia co número E-1088, tal e como consta na resolución de inscrición da Xunta Directiva do 8 de xuño de 1998.



EXPOÑEN

1. Que a Consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2. Que a Consellería considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na súa redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, así como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a promoción e o ensino de hábitos de vida saudables (alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso) así como a prevención de enfermidades.

3. Que a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, sinala na súa disposición adicional cuarta que as Administracións educativas adoptarán medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento infantil e xuvenil.

4. Así mesmo, o artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, di que "Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde

ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado" e o establecemento de convenios de colaboración con entidades que atenden a este alumnado vai axudar no cumprimento da normativa.

5. Que ABAP é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito provincial, constituída por persoas sensibilizadas co problema da Anorexia e a Bulimia, que conta cun grupo social moi amplo e moi diverso, fundada no ano 1998 coa finalidade principal da prevención dos trastornos da conduta alimentaria (TCA) e á promoción de hábitos de vida saudables.

6. Que ABAP ten como misión primordial, tal e como se explicita no artigo 3 dos seus Estatutos, "a loita contra a Anorexia e a Bulimia e outros trastornos da conduta alimentaria".

7. Que ABAP é unha entidade que ten entre os seus fins principais (tal e como se explicita no artigo 3 dos seus Estatutos) os seguintes:

- a) Prestar servizos á mocidade e á muller.
- b) Loitar contra a anorexia, a bulimia e os trastornos alimentarios estando especialmente dirixidos, os seus esforzos, ao sector xuvenil e no sexo feminino nun 95% dos casos por ser onde máis incidencia ten.
- c) Realizar actividades diversas como seminarios, cursos, congresos, mesas redondas, talleres de tipo creativo, enfocados a complementar a terapia para a mocidade, á muller e á familia como parte fundamental do proceso terapéutico.
- d) Prestar apoio e asesoramento integral á familia e achegados das persoas que estean a padecer a enfermidade a través dos conselleiros da Asociación, respectando sempre o criterio dos equipos médicos e psiquiátricos que atenden ao paciente.
- e) Solicitar as axudas e subvencións públicas e privadas que permitan levar a cabo o fin Social e a habilitación de centros específicos de tratamento.
- f) Xestionar a obtención de postos de traballo para as persoas afectadas polas enfermidades de anorexia e bulimia, así como o recoñecemento da súa posible discapacidade naqueles casos que o precisen.

g) Organizar cantas actividades permitan concienciar á sociedade, autoridades sanitarias, medios de comunicación social e persoas en xeral dos graves perigos que entrañan.

h) Tratar de achegar ao público os consellos de prevención das enfermidades de Bulimia e Anorexia así como de difundir os criterios para podelas detectar e previr.

8. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que "a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas".

En atención a estas consideracións, as dúas entidades teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con trastornos da conduta alimentaria (TCA) e á promoción de hábitos de vida saudables.

En consecuencia, a Consellería e ABAP acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería e a Asociación de Bulimia y Anorexia de Pontevedra (ABAP), nas accións e actividades dirixidas á prevención dos trastornos de conduta alimentaria (TCA) e a promoción de hábitos de vida saudables.

Segunda. *Persoas beneficiarias*



As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería, así como o profesorado, o persoal dos servizos complementarios, os/as orientadores/as, e as familias ou representantes legais dese alumnado.

Terceira. Desenvolvemento da colaboración

1. A Consellería promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración de ABAP, nas accións relativas á prevención dos trastornos da conduta alimentaria (TCA) e á promoción de hábitos de vida saudables.
2. A Consellería e ABAP colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas aos trastornos da conduta alimentaria (TCA).
3. A Consellería facilitará a colaboración do persoal profesional de ABAP nos centros docentes dependentes da Consellería na prevención dos trastornos da conduta alimentaria (TCA) e na promoción de hábitos de vida saudables.

A solicitude de colaboración do persoal profesional de ABAP debe realizarse por parte do centro docente, e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:

a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado con Anorexia e Bulimia e outros trastornos alimentarios escolarizado nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como aos centros que escolaricen a este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias.

b) Proponer actuacións de carácter preventivo e concretas, que poderán ser levadas a cabo polo equipo docente do centro educativo, dirixidas ao alumnado con trastornos da conduta alimentaria (TCA) e á promoción de hábitos de vida saudables.



c) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas dirixidas á intervención educativa do alumnado con trastornos da conduta alimentaria (TCA) e á promoción de hábitos de vida saudables.

d) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento educativo do alumnado con trastornos da conduta alimentaria (TCA) e á promoción de hábitos de vida saudables.

Cuarta. Características da colaboración do persoal da Asociación de Bulimia y Anorexia de Pontevedra nos centros docentes

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista de ABAP e as familias do alumnado con trastornos da conduta alimentaria (TCA), establecerán de mutuo acordo e por escrito, seguindo o establecido neste convenio, os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización, funcionamento e convivencia e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas en trastornos da conduta alimentaria (TCA) en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista de ABAP nos centros docentes, entenderanse dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender ao alumnado con trastornos da conduta alimentaria (TCA); ter cumprida as obrigas impostas polo capítulo II do título V da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia; ter regularizada a súa situación laboral con ABAP e respectar

os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

Quinta. Financiamento

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sexta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal de ABAP e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sétima. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería.

2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.

b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.

c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.

d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.



C/ Camilo Veiga, 44 baixo
30950 Vigo (Pontevedra)
Tel: 986330411
e-mail: abap@abap.com



A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. Natureza e réxime xurídico

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. Protección de datos e confidencialidade

Ambas as partes comprométese a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polas partes asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXP.

Décima. Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décimo primeira. Resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo segunda. Vixencia

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2024-2025, isto é o día 31 de agosto de 2025, podendo ser prorrogado expresamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima das prórrogas do convenio non poderá superar o límite temporal de catro anos.

Décimo terceira. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están

obligados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Lido o Convenio asíñase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE,



O CONSELLEIRO,

Román Rodríguez González



C/ Camilo Veiga, 44 baixo
36209 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986 43 65 41
E-mail:
abapvigo@gmail.com

POLA ASOCIACIÓN DE BULIMIA Y
ANOREXIA DE PONTEVEDRA,

O PRESIDENTE,

Juan Ramón Pérez Pérez